

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA, PARA PROMOVER A ACCESIBILIDADE E A PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS XORDAS E XORDO-CEGAS NAS ACCIÓNS DE DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN REALIZADAS POLA CONSELLERÍA NOS ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 44/2024, do 14 de abril, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, María Alonso Mesia, presidenta da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia en virtude dos poderes outorgados pola Asemblea Xeral segundo acordo de nomeamento do 15-06-2024, fundada o 11-11-1979 e declarada de utilidade pública polo Ministerio do Interior o 27-04-2005 con domicilio social en Rúa Félix Estrada Catoira número 3 (15007) de A Coruña, e provista do Número de Identificación Fiscal G15068091.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, (en diante - CMAAC) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, a conservación do patrimonio natural, a ordenación do litoral e promoción da paisaxe, a protección das augas, a loita contra o cambio climático e prevención da contaminación e as competencias na materia de instalacións de produción de enerxía a partir de fontes renovables, conforme o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Segundo.- Que segundo o artigo 34 da Lei 10/2014 de 3 de Decembro de Accesibilidade, "as administracións públicas de Galicia promoverán a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento de mecanismos e alternativas técnicas e humanas, como os intérpretes de linguas de signos, que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación, en todos os ámbitos [...]", así como "[...] fomentarán a formación de profesionais intérpretes de lingua de signos e de guías intérpretes de persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordo-cegas, de modo que facilite a comunicación directa



á persoa, promovendo así mesmo a existencia nas distintas administración públicas deste persoal especializado”.

Terceiro.- Que a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en diante FAXPG) é unha Organización Non Gubernamental sen ánimo de lucro, fundada o día 11 de novembro de 1979 e declarada de Utilidade Pública por Orde do Ministerio de Interior INT/1624/2005 en data 27 de abril de 2005, que ten como misión “acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a LSE como o noso valor principal”.

Actualmente está composta por sete asociacións coas que comparte a misión de acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a LSE como o noso valor principal. O propósito de FAXPG é que as persoas xordas vivan nun entorno accesible e inclusivo contando ca LSE.

Cuarto.- Que a FAXPG ten entre os seus fins promover un marco legal que garanta o cumprimento dos dereitos das persoas xordas en todos os seus ámbitos de desenvolvemento e, concretamente, en aspectos tales como a autonomía persoal, e no desenvolvemento educativo, familiar e social, formativo-laboral, asistencial e na saúde mental. E, de forma específica, fomentar a accesibilidade universal das persoas xordas en todos os entornos, públicos e privados, asegurando o pleno acceso á información e a comunicación.

Con esta finalidade a FAXPG presta, entre outros servizos, o Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías-Intérpretes para persoas xordas e xordo-cegas (SILSE-GI) e a elaboración e edición de materiais accesibles e formación de LSE.

A FAXPG conforme aos seus estatutos aprobados o 22 de xaneiro de 2022 é a entidade de referencia na Comunidade Autónoma Galega para a representación dos intereses de todas as persoas xordas e xordo-cegas de Galicia, a prestación de servizos de calidade na atención a persoas xordas e xordo-cegas de Galicia e os seus familiares e a defensa e conservación da lingua de signos española.

A FAXPG cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

Quinto.- Que a CMACC e a FAXPG están interesadas na colaboración mutua para estreitar relacións que fomenten a accesibilidade de persoas xordas e xordo-cegas aos espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma Galega e a colaboración no cumprimento da lexislación vixente en ámbitos estratéxicos do desenvolvemento persoal e social das persoas xordas e xordo-cegas e, de forma específica, na accesibilidade a través da Lingua de Signos Española (en diante: LSE).



De conformidade coas anteriores consideracións, a CMACC e a FAXPG, dentro do marco de colaboración xa existente entre ámbolos dous organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMACC e a FAXPG co fin de fomentar a accesibilidade das persoas xordas e xordo-cegas ás accións de difusión, sensibilización e promoción da sustentabilidade do medio ambiente desenvolvidas pola consellería no seu ámbito de actuación, especialmente as relativas as aulas da natureza e ós aos espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma Galega, impulsando medidas que promovan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, así como contar coa participación e o servizo especializado da FAXPG nas accións de comunicación, difusión e similares que realice a consellería, mediante o servizo de intérprete de Lingua de Signos Española e Guías-Interpretes para persoas xordo-cegas.

Segunda.- Obrigas da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia

Á FAXPG correspóndelle:

I. Realizar as actuacións que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido nos seus estatutos e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas, e que se recollen no anexo que acompaña a este convenio.

II. Garantir unha comunicación real e efectiva entre as persoas xordas, xordo-cegas e oíntes e posibilitar o acceso á información e á comunicación nas visitas guiadas previstas aos espazos naturais protexidos de Galicia.

III. Previa demanda da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMACC (**a través do correo electrónico: solicitudsilse@faxpg.es**) prestar o **servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías-Interpretes para persoas xordo-cegas** (en adiante SILSE-GI) nas accións de comunicación, difusión, sensibilización e promoción da sustentabilidade do medio ambiente desenvolvidas pola consellería no seu ámbito de actuación.

IV. Elaborar e presentar para a súa aprobación pola consellería para cada unha das actuacións que se requiran por esta, unha memoria da prestación do servizo demandado pola consellería que como mínimo conterá a seguinte información:

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



- Datos da/s persoas intérprete, tendo en conta a tipoloxía e a duración do servizo previsto en cada caso, sendo necesario para actos de máis de 30 minutos dous ILSE-GI e, de haber persoas xordo-cegas, en función do número de asistentes que teñan estas características.

V. Garantir, en relación á presenza das persoas intérpretes:

- Que se cumpra coas condicións profesionais dos SILSE-GI tendo en conta a duración do evento así como a presenza de persoas xordo-cegas,
- Que o SILSE-GI acuda como mínimo 15 minutos antes da hora solicitada.
- Que o SILSE-GI se identifique como intérprete á organización ou persoa de contacto.
- Que o profesional porte os documentos necesarios para a acreditación da realización do servizo.

VI. Organizar, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, **accións de formación de LSE** a para persoal da Consellería vinculado ó Patrimonio Natural e os parques e espazos naturais de Galicia.

A organización da formación terá en conta os seguintes aspectos:

- Se desenvolverán un mínimo de 2 accións formativas de LSE ampliado, que permita completar os coñecementos do curso anterior, organizado por zonas xeográficas en función das indicacións da consellería.
- O contido de vocabulario específico relacionado ca temática de medio ambiente e os espazos naturais.
- As accións terán una duración de 15 horas
- A xustificación se fará mediante fichas de asistencia asinadas pola persoa responsable da formación no ámbito da Dirección Xeral.

VII. **Adaptar á lingua de signos, vídeos institucionais** aloxados nas páxinas:

1. Web patrimonio natural: <https://patrimonionatural.xunta.gal/es>

- Reservas biosfera- Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel



2. Web Medio Ambiente e sostibilidade- Conservación da natureza:
https://medioambiente.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Conseccion

- Animais domésticos e salvaxes en cautividade
- Biodiversidade (algúns apartados ata completar total de videos incluídos no convenio)

VIII. **Elaboración de códigos QR adaptados á lingua de signos** para a súa colocación nos espazos da reserva da biosfera e outros espazos naturais. Estes códigos QR respectarán a norma UNE 139804:2007.

IX. Organizar, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, **accións de voluntariado ambiental en espazos naturais.**

A organización das accións de voluntariado inclusivo terá en conta os seguintes aspectos:

- Se desenvolverán un mínimo de 1 acción.
- Os voluntarios deberán ir debidamente identificados cunha camiseta de cor azul que deberá levar nas costas o texto: "Voluntari@" e na parte dianteira os logos da CMACC e da FAXPG.
- Un seguro
- Garantir a presenza dunha persoa intérprete

X. Facer figurar expresamente en tódolos anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da CMACC.

XI. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola CMACC en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.

XII. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas, nin entregadas ou cedidas para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMACC.

XIII. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.



Terceira.- Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

A consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

I. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a accesibilidade das persoas xordas e xordo-cegas en accións de comunicación, difusión sensibilización e promoción da sustentabilidade do medio ambiente desenvolvidas pola consellería no seu ámbito de actuación, e, especialmente, as relativas aos espazos naturais protexidos da Comunidade Autónoma Galega.

II. Determinar con carácter previo as necesidades de presenza e número de SILSE-GI para o adecuado desenvolvemento do servizo, en función da duración e o número de persoas e as características das persoas xordas ou xordo-cegas participantes nas accións de difusión e sensibilización obxecto deste convenio e das persoas destinatarias da acción.

III. Financiar as actividades definidas neste convenio.

Cuarta.- Financiamento

A CMACC financia esta colaboración co importe de dez mil euros (10.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 06.04.541.B.481.0, código de proxecto 2016 00362 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Quinta.- Réxime de xustificación e pagamento

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a FAXPG, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a CMACC a realización das actividades e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención. Serán por conta de FAXPG os gastos de persoal dependente de FAXPG ou terceiros subcontratados, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, así como o financiamento dos custos da súa actividade propia.



c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMACC, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á CMACC a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a FAXPG asume como beneficiario as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, unha vez rematadas cada unha das actuacións deberá ser xustificado á CMACC o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se consideran gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades obxecto de subvención e se realicen dende o día seguinte á data de sinatura do convenio ata o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 29.8 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación.

A xustificación de gastos do servizo de intérprete de Lingua de Signos en actos e eventos de carácter institucional, nas accións de comunicación, difusión, promoción farase mediante a presentación dunha declaración responsable asinada pola persoa con poder suficiente a nivel financeiro da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia declarativa dos gastos realizados acompañada dunha relación detallada na que se especifique cada gasto realizado, o seu importe, receptor/a e a data e forma na que se realiza o pagamento pola prestación do servizo.

A xustificación de gastos do servizo de intérpretes en visitas guiadas, realizarase por cada por visita realizada –acreditada mediante documento acreditativo firmado polo responsable da visita– con custe total máximo por visita de **350€ en día laboral e 400 en día non laboral que inclúe os seguintes aspectos:**

- Tempo de preparación previa da visita por parte do intérprete, xa que se trata de visitas guiadas con información moi especializada.

- Tempo e gastos de desprazamentos (ida e volta)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



- Manutención, se procede.
- Tempo de interpretación estimado 1 intérprete 3 h con descansos ou pausas. En situacións excepcionais, valorada conxuntamente ca CMACC, se estimaría a necesidade de 2 intérpretes.

A xustificación de gastos dos cursos de Lingua de Signos realizarase por cada curso – acreditado mediante documento acreditativo firmado polo responsable da formación do ámbito da D.X. – con custe total por curso de 1.000 € que inclúe os seguintes aspectos:

- Tempo de preparación.
- Desprazamentos ó lugar onde se imparta a formación.
- Manutención, se procede.
- Tempo de formación

A xustificación de gastos por elaboración, edición de vídeos e a realización dos códigos QR, farase mediante relación de gastos.

A xustificación de gastos da acción de voluntariado inclusivo levarase a cabo mediante relación de gastos que incluírán o seguro e as camisetas para las persoas voluntarias. A xustificación da presenza do intérprete se fará segundo as indicacións de **xustificación de gastos do servizo de intérprete de Lingua de Signos deste mesmo convenio**.

De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderán efectuarse os pagamentos do seguinte xeito:

- Para o pagamento parcial dos gastos realizados pola FAXPG será preciso que antes do 31 de xullo de 2026, a federación achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas coa súa descrición pormenorizada.

O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados non poderá ser superior ó 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

- Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe do convenio para o ano 2026. Para estes efectos a FAXPG presentará, antes do 16 de novembro de 2026, a mesma documentación que a indicada para o pagamento parcial.

A documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondente ao mes de outubro poderá ser substituída por unha declaración

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



responsable asinada polo representante legal da FAXPG que incluíra unha relación dos gastos realizados, detallando por cada un deles a explicación do concepto do gasto, importe, perceptor/a, data do gasto, data e forma do seu pagamento.

Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de outubro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de outubro, e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2026, que se presentará mediante unha memoria complementaria das actuacións realizadas neste último trimestre de 2026, xunto aos xustificantes de gasto.

2º. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.

3º. Comunicar á CMAACC, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á CMAACC, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

Sexta.- Reaxuste das cantidades asignadas

Os compromisos de gasto recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompañalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerese polo previsto na cláusula novena.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento e execución deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída, cando menos, por un representante que serán designados por ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente convenio.

Esta comisión terá como funcións: impulsar e avaliar o cumprimento das actuacións que se consideren necesarias para a finalidade deste convenio, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A citada comisión de seguimento establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a realizar as que sexan necesarias.

Oitava.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro 2026.

Novena.- Modificación do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

Décima.- Causas de extinción

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscripción do mesmo.

Décimo primeira.- Natureza e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cuxas resolucións poñen fin

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
Edificio Administrativo de San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
dxpn.cmatv@xunta.gal
www.xunta.gal



á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

Décimo segunda.- Publicidade

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

Décimo terceira.- Relación laboral

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMACC de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo cuarta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.



Pola Consellería de Medio Ambiente e
Cambio Climático

Pola Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia

Ángeles Vázquez Mejuto

María Alonso Mesia

Conselleira

Presidente



ANEXO

Actuacións a desenvolver:

1. Elaboración de 38 vídeos adaptados en Lingua de Signos:

1.1. Inclusión de vídeos en Lingua de Signos para a accesibilidade nas seguintes páxinas web:

Web patrimonio natural: <https://patrimoniounatural.xunta.gal/es>

- Reservas biosfera- Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel

Web Medio Ambiente e sostibilidade- Conservación da natureza:
https://medioambiente.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Conseleccion

- Animais domésticos e salvaxes en cautividade
- Biodiversidade (algúns apartados ata completar total de videos incluídos no convenio)

1.2. Realización de códigos QR adaptados á lingua de signos sobre os espazos naturais de Galicia, nos espazos da reserva da e outros espazos naturais, respectando as indicacións contidas na norma UNE 139804:2007.

Importe: 5050,00 €

2. Servizo de interpretación de Lingua de Signos Española e Guías-Interpretes para persoas xordo-cegas (en adiante SILSE-GI) nas accións de comunicación, difusión, sensibilización e promoción que realice a consellería a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural no seu ámbito de actuación e nas potenciais visitas aos espazos naturais e zonas de especial influencia no eido do patrimonio natural e cultural de Galicia.

Importe: 2.400,00 €



3. Accións de formación de LSE para persoal da Consellería vinculado ó Patrimonio Natural e os parques e espazos naturais de Galicia.

Importe: 2.000,00 €

4. Voluntariado inclusivo en espazos naturais

Cuxo obxectivo é promover a participación plena de todas as persoas na conservación da natureza, rompendo barreiras de comunicación e fomentando a igualdade de oportunidades.

Importe: 550,00 €

5. Elaboración de vídeos de promoción e materiais de comunicación e difusión.

En caso de recibir a proposta por parte da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de elaboración de vídeos de promoción e materiais de comunicación e difusión, se financiaría ca partida de servizos de interpretación en visitas guiadas ou se restaría da elaboración dos 38 vídeos, segundo a situación do orzamento de gastos no momento da solicitude.

